

KARMELE JAIO

A casa do pai

Traducido por Isaac Xubín



Hugin e Munin

ISMAEL

1

Alá arriba, no cumio

Disparos na montaña. Volves escoitalos dende alá arriba, dende o cumio. Pero sabes que non veñen dos montes da contorna, senón do teu interior. O teu corpo é unha matogueira. Sempre quedan cartuchos de escopeta atrapados entre os matos, latexando coma pequenos corazóns. A pesar da oxidación, palpitan, seguen vivos.

Disparos na montaña. Escoitáchelos de novo dende alá arriba, dende o cumio. E acordáronche os cartuchos. O teu pai colocábachos nas mans por ver se eras quen de os inserir correctamente na escopeta. Eran da marca Trust, vermellos, verdes, co cu dourado, cheos de perdigóns de chumbo.

Os perdigóns, non ben tocan a pel, esténdense pola carne coma se fosen espermatozoides perversos.

Os malditos cartuchos, unha vez que se ensarillan entre a ramaxe da matogueira, ninguén os dá sacado. Ninguén se preocupa por facelo; en fin, non son máis ca cartuchos vellos. Malia que non sexa posible velo, aínda seguen vivos.

Saíches á carreira do estudio e chegaches alasando ao cumio. Deixaches o ordenador prendido, tamén a luz da

entrada na casa. Saíches á deriva coa mesma angustia de quen no mar tenta saír á superficie. Atrapoute unha sensación de angustia e intranquilidade ao lembrares a noticia da moza que apareceu no monte. E empurroute con máis forza ca o vento sur que hoxe sopra con forza cara a arriba, cara ao cumio.

Á moza violárona e deixárona abandonada. Uns cazadores atopárona cando xa era demasiado tarde. Ao que escoitaches a noticia, non a deches quitado da cabeza, coma co acontecido en Pamplona. Agora calquera cousa consegue desacougar a túa mente e así é imposible concentrarse en escribir. Un día han atopar por fin algo aí dentro, un tumor maligno que che impide escribir, unha pelota negra que non te deixa pensar.

A noticia da moza que atoparon na montaña. Non sabes por que te inquietou tanto. Quizais polas túas fillas, quizais por aquela maldita noite que Eider pasou en Pamplona, aquela na que cinco homes violaron unha moza. Ou quizais polo escenario da traxedia: a montaña, o bosque, a paisaxe que che fende a pel coma as silvas, a paisaxe que na túa mocidade che provocaba horribles pesadelos.

E agora, dende o cumio do monte Olarizu, preguntaste por que os teus pés te trouxeron a ese lugar. Por que precisamente ao monte, ao epicentro dos teus medos.

Dende o cumio contemplas Gasteiz, entrementes o vento sur desordena o teu cabelo, cada día máis escaso. Aínda colliches algo de acougo alá arriba; estar alí sempre che dá tranquilidade.

Non subías des que eras un mozo. O teu pai levábate a esa zona, igual que, na época na que viviades en Eibar, te levaba onda o tío e o curmán, a Kalamua ou a Ixua. E, malia que aquí non te traía con escopeta, o sitio

